



INSTRUCCIÓN 1/2015 DA VICERREITORÍA DE TÍTULOS, CALIDADE E NOVAS TECNOLOXÍAS SOBRE A AVALIACIÓN POR COMPENSACIÓN DE CRÉDITOS, NOS PROGRAMAS DE SIMULTANEIDADE DE ESTUDOS.

Estanse a recibir solicitudes de alumnos dos Programas de Simultaneidade de Estudos aprobados polo Consello de Goberno da UDC, que queren exercer o dereito de ser avaliados por compensación, de acordo co procedemento establecido no Regulamento de Avaliación por Compensación (RAC), aprobado polo Consello de Goberno na sesión do 29/09/2011.

O artigo 1 do citado Regulamento establece, entre outros requisitos que deben cumprir os alumnos solicitantes, o seguinte: *"2) **Que só lles reste unha materia para finalizar os estudos da titulación correspondente (coa excepción do Proxecto Fin de Carreira, Traballo Fin de Grao e Traballo Fin de Mestrado) e non transcorresen máis de tres cursos académicos desde a última convocatoria suspensa"**.*

O artigo 13 das Normativas específicas aprobadas para os programas de simultaneidade de estudos establece, en relación co recoñecemento final daquelas materias que constan nos anexos das distintas normativas por non ter que ser cursadas polos seus alumnos: *"O recoñecemento realizarase pola Decanato/Dirección do Centro correspondente. A solicitude do alumno, logo de ser revisada pola Administración do Centro, resolverase **no momento no que o estudante supere o total dos créditos correspondentes ao plan de estudos do dobre Grao, agás o TFG"**.*

Resulta doado de entender que entrambos mandatos estase a producir unha colisión que pode vulnerar o dereito do alumno dun programa de simultaneidade de estudos para obter a avaliación por compensación nunha materia; habida conta de que, se para exercer ese dereito só pode ter unha materia pendente e para conseguir os recoñecementos obrigados por norma debe, á súa vez ter superadas todas as materias do programa, estamos ante dúas normas de imposible cumprimento.

Para dar solución a este problema e toda vez que a Disposición Final Segunda das Normativas específicas aprobadas para os programas de simultaneidade de estudos, dispón que lle corresponde ao Vicerreitor con competencias en titulacións a interpretación e a resolución de cantas cuestións xurdiren en aplicación destas Normativas,



DISPOÑO:

Primeiro.- Naqueles casos nos que existan solicitudes de avaliación por compensación, formuladas por alumnos dos Programas de Simultaneidade de Estudos, aprobados polo Consello de Goberno, a Administración do Centro xestor de cada programa impulsará os trámites considerándoo como unha única titulación.

De acordo cos límites que establece o artigo 2 do RAC, os alumnos destes programas só poderán solicitar a compensación dunha única materia do programa.

Segundo.- De forma previa a tramitar a solicitude perante o Tribunal de Compensación e para que o Secretario do Centro poda certificar o previsto no apartado c) do artigo 5 do RAC, a Administración deberá comprobar, cando examine que o solicitante reúne todos os requisitos establecidos no artigo 1 do RAC, que éste ten superados todos os créditos do programa de simultaneidade de estudos conforme se indica no apartado 2 deste artigo, agás os da materia para a que se solicita este procedemento, de forma que, tras resolverse positivamente a súa solicitude, se podan efectuar no seu expediente os recoñecementos específicos previstos no artigo 13 da Normativa que regula o programa de simultaneidade.

Terceiro.- A nota media que debe ter o alumno no seu expediente académico, sen computar a materia en que solicita a compensación, segundo establece o apartado 4 do artigo 1 do RAC, porase en relación coa nota media que corresponda á titulación á que pertenza a materia que solicita compensar.

Cuarto.- Independentemente da titulación á que corresponda a materia que se solicita compensar, o Tribunal de Compensación que actuará será o que corresponda ao Centro xestor do Programa de Simultaneidade de Estudos.

A Coruña, 29 de abril de 2015

O VICERREITOR DE TÍTULOS, CALIDADE E NOVAS TECNOLOXÍAS

Asdo. Julio Ernesto Abalde Alonso